



CONCELLO DE VILASANTAR

R/ Ru, s/n, Vilasantar, 15807, Vilasantar, A Coruña
correo@vilasantar.gal www.vilasantar.gal 981 778 169



PEL PEMES MANTEMENTO - ANO 2023.

OBXECTO E FINALIDADE.

O obxecto desta liña é a concesión dunha axuda para o mantemento do posto de traballo indefinido creado ao abeiro da axuda PEL-Pemes Creación e Ampliación 2022.

A finalidade das axudas é apoiar ao tecido empresarial provincial para o mantemento da contratación laboral indefinida das persoas que foron contratadas con cargo ás axudas á contratación para a creación e ampliación do cadro de persoal de pequenas, medianas empresas e microempresas (PEL-Pemes Creación e Ampliación 2022).

DESTINATARIOS E REQUISITOS.

Estas axudas ao mantemento do cadro de persoal van dirixidas a pequenas, medianas empresas, microempresas e autónomos/as, beneficiarios/as da subvención PEL-Pemes Creación e Ampliación 2022, que realizaron a contratación de maneira indefinida inicialmente ou con carácter previo á presentación da solicitude de axudas PEL-Pemes Mantemento 2023 e que con anterioridade á data de publicación da convocatoria, reúnan o seguinte requisito:

- Manter o domicilio fiscal na provincia da Coruña nun concello con poboación inferior a 20.000 habitantes.

GASTOS SUBVENCIONABLES.

Subvencionaríanse os custos de mantemento no ano 2023 do posto de traballo subvencionado a través da convocatoria PEL-Pemes Creación e Ampliación 2022, que foi creado inicialmente como indefinido ou transformado a indefinido con carácter previo á presentación da solicitude de PEL-Pemes Mantemento 2023 .

Os gastos subvencionables comprenden os soldos e salarios, e a seguridade social a cargo da entidade así como outros gastos sociais relativos á prestación por Incapacidade Temporal (IT) a cargo do empresario e a indemnización fin de contrato.

PERIODO SUBVENCIONABLE E CONTÍA.

O período subvencionable será de 12 meses (de xaneiro a decembro de 2023), polo que se subvencionarán exclusivamente os gastos salariais e de seguridade social a cargo da entidade correspondente aos meses do mantemento da contratación durante os 12 meses incluídos dentro da anualidade 2023.

CONTÍA.

Importe do orzamento de gastos	Mínimo: 2.000€ Máximo: 22.000€ (colectivo vulnerable) Máximo: 20.000€ (colectivo non vulnerable)
Importe da subvención a conceder	1.- Mantemento dun contrato indefinido a xornada completa con colectivos vulnerables. Mínimo: 1.000€ Máximo: 11.000 € 2.- Mantemento dun contrato indefinido a xornada completa. Mínimo: 1.000€ Máximo: 10.000 €
Importe máximo a solicitar	Ata o 50% do orzamento de gastos subvencionable
Coeficiente de financiamento	Como máximo de 0,50

PRAZO PRESENTACIÓN SOLICITUDES: ATA O 10 DE MARZO DE 2023 ÁS 14.00 HORAS.

PARA MÁIS INFORMACIÓN PODEN CONTACTAR COA AEDL NO TELÉFONO [981778169](tel:981778169). (Lourdes).